



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

Secretaría Nacional

galiza@cig-ensino.com

Tel: 981 576800

AO VALEDOR DO POBO

ANXO LOUZAO RODRÍGUEZ, secretario nacional da CIG-Ensino, en calidade de representante legal da Confederación Intersindical Galega do Ensino (CIG-Ensino), con DI 33.229.383-H e enderezo para efectos de notificación na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10, 1º, San Lázaro, 15706 Santiago de Compostela,

EXPÓN:

Que consonte o disposto no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, formula queixa contra a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galiza, con base nos seguintes

FEITOS:

PRIMEIRO.- O profesorado do corpo de mestres do plan de estudos do 67 realizaba un curso de prácticas remuneradas, necesario para obter o título de mestre. Agora, até o 31 de decembro de 2014, estas persoas teñen a oportunidade de que se lle recoñeza ese tempo como cotizado para efectos de xubilación. As persoas que xa fixeron os trámites fóronlles recoñecidos 9 meses cotizados, do 15 de setembro ao 15 de xuño. Este dereito recóllese no R/D 1493/2011 do 24 de agosto que establece o recoñecemento de programas de formación nos que están integradas as prácticas remuneradas dos mestres do plan de estudos do 67.

SEGUNDO.- Para que se lle recoñeza este tempo como cotizado, este profesorado ten que solicitarlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) a alta de recoñecemento de convenio especial para persoas que participan en programas de formación. Entre os requisitos que lles solicita a TXSS para o recoñecemento destes servizos está a certificación de ter realizado as prácticas. Hai profesorado que, malia reunir todos os requisitos, non pode conseguir a certificación das prácticas, debido a que o centro onde as realizou xa non existe ou non hai documentación daquela época. Tampouco as xefaturas territoriais de Educación da Xunta, agás Lugo, conservan os nomeamentos.

TERCEIRO.- A Consellaría de Educación pode constatar que este profesorado realizou as prácticas coa súa remuneración correspondente a través das certificacións das notas de cada profesor ou profesora, onde consta a cualificación final e a de prácticas (Orde do 1 de xuño de 1967 pola que se fixa o plan estudos das escolas normais, publicada no BOE do 8 de xuño de 1967). Así mesmo, pode comprobar que a realización das prácticas era un requisito para obter o título de mestre (BOE do 13 de febreiro de 1967 que regula as prácticas).

CUARTO.- A falta de documentación necesaria para que o profesorado poida certificar a realización das prácticas pensamos que é responsabilidade da administración educativa, por tanto, corresponderíalle emendar esta carencia a fin de que o profesorado afectado non se vexa prexudicado. Se para obter o título, cómpre ter realizadas e aprobadas as prácticas, se a realización destas consta no expediente e se o BOE estableceu o período de duración e a

súa remuneración, a Consellaría de Educación non tería que ter inconveniente en certificarlas para que a Seguridade Social poida recoñecer estes servizos.

CINCO.- A CIG-Ensino dirixiuse o 7 de maio deste ano á Consellaría de Educación solicitándolle que arbitrara algún mecanismo para certificarlle a este profesorado o período de prácticas pero a día de hoxe a nosa petición segue sen ser atendida. Postos en contacto telefónico con eles ratificáronse en que non estaban lexitimados para certificar eses servizos.

Ante estes feitos

SOLICITA AO VALEDOR DO POBO que proceda para que

A Consellaría de Educación achegue unha solución urxente xa que o prazo remata o 31 de decembro do 2014 a este profesorado para que poida certificar este período de prácticas porque do contrario estaría privando dun dereito que, nalgúns casos, supón un prexuízo importante na contía da pensión ou non poderse xubilar 9 meses antes.

Achégase a seguinte documentación:

- Copia do escrito remitido á Consellaría de Educación en maio de 2014.
- Orde do 1 de xuño de 1967 pola que se fixa o plan estudos das Escolas Normais
- RD 193/1967 publicado no BOE do 13 de febreiro de 1967 que regula as prácticas.

Santiago 22 de setembro de 2014

Anxo Louzao Rodríguez
Secretario nacional da CIG-Ensino